



INSTRUCCIÓN 3/2017-2018, DA VICERREITORÍA DE ESTUDANTES, PARTICIPACIÓN E EXTENSIÓN UNIVERSITARIA, MEDIANTE A QUE SE ESTABLECE O PROCEDIMENTO PARA AS ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES DA UDC QUE FORON DADAS DE BAIXA DO RAE-UDC (REXISTRO DE ASOCIACIÓN DE ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA)

De acordo co Regulamento de Asociacións de Estudantes aprobado na sesión do Consello de Goberno do 19 de decembro de 2005 e modificado na sesión do 26 de novembro de 2009, a asociación que non cumpra os requisitos do Artigo 20, será dada de baixa do RAE-UDC (Rexistro de Asociacións de Estudantes da Universidade da Coruña). A cancelación do asento no RAE-UDC implicará a perda do domicilio designado segundo o disposto no artigo 7 se se correspondese a un centro da universidade. A Asociación terá que comunicar o cambio de domicilio á Universidade da Coruña a través da Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria.

Por outra banda, a Asociación que fora dada de baixa do RAE-UDC terá o prazo de dous meses para retirar todo o material da súa propiedade existente en espazos da universidade. Despois desa data en presenza dun responsable do centro, un estudante e outra persoa designada pola Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria levantarase acta coa relación dos obxectos atopados, que se gardarán en caixas/bolsas precintadas e se porán, mediante o correspondente anuncio, a disposición de quen acredite ser o seu propietario durante o prazo dun ano, transcorrido o cal serán reciclados ou destruídos.

A Coruña, 7 de maio de 2018

Vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria

Margarita Amor López